

ACTIVIDADES NO DOMICILIO

PERÍODO: SEMANA DO 20/04/20 – 24/04/20

MATERIA: LINGUA GALEGA

CURSO: 3º ESO

PROFESORA: Chus

CONTACTO: chusmm@edu.xunta.es

MÉTODO DE CORRECCIÓN: na seguinte entrega incluíranse as solucións das actividades desta semana.

ACTIVIDADES DE REPASO

1. Acentúa as seguintes oracións:
 - Cando estou so na casa gozo dunha paz imposible se estades vos.
 - Esculpiu unha pomba coas as abertas e no bico unha pola de oliveira.
 - Vos estudastes mais co lacazan de Luis.
 - Ves ese paxaro de as escuras? E un merlo.
 - Se queres ves e así ves quen ven a actuación.
 - So nos non nos damos conta do difícil que é facer os nos mariñeiros.
 - Dixome que compre que baixe a tenda e compre ovos para a cea.
 - O director atribuía o éxito as súas xestións.
2. Copia as seguintes palabras e diferencia nelas o lexema e os morfemas: sogros, hotéis, saída, pantasmas, amante, barcazas, embarcar.
 - a) Indica se os morfemas son flexivos ou derivativos.
 - b) No caso dos morfemas derivativos, indica se son prefixos ou sufixos.
3. Identifica os adxectivos cualificativos do seguinte texto e indica en que grao están:

De súpeto, o arreguizo astral correulle dende as unllas dos pés ao coiro da testa, e todos os cabelos se lle puxeron de punta: na porta había unha fendedela, e por ela pasaba a pata dianteira dun lobo grandísimo. Unha pouta negra, grande, con unllas afiadas que relucían. [...]

Pola porta apareceu un fociño longo, con dentes brancos que en poucos instantes fixeron saltar as táboas, e polo burato, coouse no sequeiro o lobo da xente.

O Ánxel vira o lobo moitas veces; xa dixeran que era un mozo doutro tempo. Mais lobo como aquel, tan negro, tan peludo, tan espantosamente grandísimo, con aqueles ollos sanguinarios e relucentes, que escintilaban máis que o lume da lareira, con aqueles dentes brancos e afiados como navallas, aquel fociño mouro, lixado de sangue fresco, aquelas poutas grandes coma as dun oso, coma aquel nunca, endexamais outro vira na vida. O Ánxel, acochado na canceira, tremía coma unha vara verde, mais non rebuliu.